



# Programación didáctica

Materia: Música de Cámara

Curso:2023-24

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA  
DE CARBALLO

Profesores: Alma Sarasola  
Daniel Novo  
Javier Bardanca  
Luís Currás

## ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Metodoloxía	6
3. Atención á diversidade	7
4. Actividades culturais e de promoción das nosas ensinanzas	7
5. Secuenciación dos cursos	8
5.1. 5º Grao Profesional	8
5.2. 6º Grao Profesional	14
6. Procedemento de avaliación e seguemento da programación	19
7. Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento	20
8. Anexos	20

## 1. INTRODUCCIÓN

A práctica da música de cámara durante o período de estudos correspondente ás ensinanzas profesionais de música responde a un conxunto de necesidades do alumnado de música que dificilmente poden ser atendidas se non é a través desta actividade.

A actividade camerística supón o vehículo fundamental para integrar e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais cuxo aprendizaxe a través dos estudos instrumentais e teóricos posúe forzosamente un carácter analítico que debe ser obxecto dunha síntese ulterior a través da práctica interpretativa.

A práctica da música de cámara cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en todos os seus aspectos. O repertorio camerístico constitúe o medio idóneo para que o alumno e a alumna desenvolvan o sentido da afinación, desenvolvemento que non pode deixar de ser intuitivo e mimético, que se resiste a ser ensinado ou transmitido por métodos racionais e que require unha longa praxe musical, preferentemente en conxunto.

Unha das características fundamentais da práctica camerística é a ausencia de director ou directora. Iso obriga a desenvolver as competencias necesarias de comunicación visual e xestual entre os membros do grupo, aprender a valorar a importancia da respiración conxunta, establecer criterios comúns de interpretación e, en definitiva, favorecer o desenvolvemento dunha nova dimensión da interpretación baseada na codirección.

Así mesmo, o exercicio da música de cámara estimula a capacidade, imprescindible para todo músico, para escoitar os outros instrumentos mentres se toca o propio e

para desenvolver o sentido de “sonoridade do conxunto”.

A interacción entre diversos instrumentistas, ou entre a voz e o piano no caso da especialidade de canto, colabora igualmente ao desenvolvemento da sensibilidade en materia de dinámica, fraseo, ritmo e vibrato: en canto á “dinámica”, por exixir unha sensibilización con respecto á audición de planos sonoros e á percepción da función desempeñada en cada momento por cada un dos instrumentos (solística, acompañante, contrapuntística, harmónica, etc.); en canto ao “fraseo”, porque colabora a desenvolver o sentido do diálogo e a mímese musical; en canto “ritmo”, porque a música de conxunto exige por si mesma unha precisión e compenetración rítmica que faga posible a simultaneidade e o axuste entre os diversos instrumentos, á vez que propicia o desenvolvemento da comunicación a través do xesto, e de calquera outra forma non verbal, entre os instrumentistas (entradas, definición do tempo, rubato e outras modificacións do tempo, cortes finais, respiracións, etc.); en canto ao “vibrato”, no sentido de que a práctica camerística obriga a homoxeneizar e simultaneizar o período, velocidade e amplitude dos diversos vibratos.

A música de cámara obriga os músicos que a practican a desenvolver determinados hábitos de autodisciplina e método extremadamente beneficiosos, tales como a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco nos instrumentos de corda ou das respiracións nos de vento, etc., á vez que permite o contraste do instrumento propio con outros de diferente natureza.

Desde un punto de vista musical, a práctica camerística é imprescindible para a maduración dun músico no terreo da expresividade e a emotividade, posto que supón un campo idóneo para que a capacidade afectiva do futuro músico xurda na súa

interpretación, feito que debe ser propiciado canto antes.

Pola súa vez, o intercambio de ideas e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta sumamente formativa e estimulante para un instrumentista en período de formación, colabora ao desenvolvemento da capacidade analítica e fomenta a que a interpretación responda a unha idea musical e trascenda o nivel de mera lectura.

Asemade, a práctica e o coñecemento do repertorio de cámara supón un paso decisivo no coñecemento do repertorio do instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.

En suma, o cultivo da música de cámara resulta absolutamente complementaria da formación instrumental, permitindo a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na clase de instrumento, dentro dunha actividade que, por mor do seu carácter lúdico, permite a práctica musical en condicións ideais de espontaneidade e distensión.

## 2. METODOLOXÍA

O currículo debe ser aberto polo que os métodos de ensino son en ampla medida responsabilidade do profesor. Aínda así, coa finalidade de regular a práctica docente, poderemos sinalar os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral:

1. A finalidade de toda tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do alumno. A Música é un vehículo de expresión de emocións, un instrumento á nosa disposición.
2. O profesor debe ser un guía, conselleiro que da solucións concretas a dificultades concretas. Debe dar opcións e non impoñer criterios. Debe tratar de estimular e motivar ó alumno.
3. A Programación Didáctica debe ser aberta e flexible para poder adaptala ás características e necesidades de cada alumno, tratando de desenvolver ás súas posibilidades e de suplir ás súas carencias.
4. A aprendizaxe debe ser funcional, é dicir, debe ser posible unha aplicación práctica do coñecemento adquirido e á súa vez, os contidos deben ser necesarios e útiles para realizar outras aprendizaxes.
5. A avaliación é un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada no alumno e o seu propio desenvolvemento, aportándolle información sobre o que realmente progresou respecto das súas posibilidades, sen comparacións con normas preestablecidas de rendemento.
6. O profesor debe avaliar tamén o seu propio traballo, a efectividade da programación e a súa intervención.

7. O profesor poderá tocar co seu grupo de alumnos se fose necesario para o óptimo aproveitamento da materia.

8. É necesario que o alumno participe no proceso a través da autoavaliación e a coavaliación, nunha etapa na que se pretende impulsar a autonomía do alumnado e a súa implicación responsable.

### **3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

### **4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS NOSAS ENINANZAS**

As ensinanzas de música fomentarán a realización de actividades culturais e de promoción das ensinanzas tales como concertos, audicións de alumnos, intercambios, conferencias e exposicións

## 5. SECUENCIACIÓN DOS CURSOS

### 5.1. 5º GRAO PROFESIONAL

#### • **Obxectivos**

- a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha gama sonora axeitada de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

#### • **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agóxica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar con e sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes



estilos.

- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

- **Avaliación**

A avaliación no grao profesional levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na presente Programación Didáctica. A avaliación dos alumnos/as será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os resultados da avaliación final expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais (consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco). A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación da asignatura en caso de ter avaliación negativa.

### **Avaliación inicial ou diagnóstico**

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado.

### **Criterios de avaliación**

1. Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio

interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.

2. Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte. Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

3. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.

4. Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.

5. Intepretación pública de obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

### **Mínimos esixibles**

Os criterios 1, 4, e 5 serán considerados mínimos esixibles.

## **Procedementos e ferramentas de avaliación**

Para a obtención das calificacións do alumnado o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación:

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Traballos en grupo.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

## **Criterios de cualificación**

- Traballo persoal (semanal de aula): 60%
- Hábitos e actitudes de estudo\*: 20% (achégase rúbrica)
- Audicións
- Grao de consecución do repertorio: 20% (achégase táboa)
- A cualificación final do curso obterase mediante a media aritmética dos tres trimestres.

## **Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais**

Texto (Dificultade) 10%

Ritmo (Precisión e exactitude rítmica) 20%

Musicalidade (Estilo- Expresión) 20%

Empaste 20%

Planos sonoros 20%

Técnica (Articulación-son-afinación) 30%

**Rúbrica para a cualificación dos hábitos e actitudes do estudo (20%)**

Sobresaín te	(9- 10)	Notabl e	(7- 8)	Ben	(5- 6)	Insuficien te	(1- 4)
<p>Amosa unha gran concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Amosa interese pola materia. Tamén asiste regular e puntualmente a clase.</p>	<p>Amosa interese pola materia. Asiste regular e puntualmente ás clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.</p>	<p>Amosa interese pola materia. Non sempre asiste regular e puntualmente ás clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.</p>	<p>Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Non amosa interese pola materia. Non asiste regular e/ou puntualmente ás clases.</p>				

### **Recursos didácticos**

O material empregado será adaptado á formación en cuestión e ao nivel do curso que está a estudar o alumnado, podendo ser repertorio orixinal para esa agrupación ou repertorio adaptado ás características do grupo.

### **Criterios para ampliación e concesión da matrícula**

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

### **Asistencia irregular ás clases**

A non asistencia sen causa xustificada en máis de 3 ocasións ao longo do trimestre levará consigo a realización dun exame ao final de cada trimestre se o alumno quere recuperar a materia.

### **Avaliación extraordinaria**

O alumnado que non acade o aprobado ou que perda a avaliación continua ao rematar o curso terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño na cal deberá interpretar 3 obras acompañado de polo menos un instrumentista, cunha dificultade adecuada ao curso que está a realizar, tendo en conta como métodos de cualificación os especificados anteriormente na avaliación ordinaria.

## 5.2. 6º GRAO PROFESIONAL

### • **Obxectivos**

- a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha gama sonora axeitada de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

### • **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agóxica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar con e sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

- **Avaliación**

A avaliación no grao profesional levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na presente Programación Didáctica. A avaliación dos alumnos/as será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os resultados da avaliación final expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais (consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco). A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación da asignatura en caso de ter avaliación negativa.

### **Avaliación inicial ou diagnóstico**

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado.

### **Criterios de avaliación**

1. Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
2. Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres

realiza a súa propia parte. Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

3. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.

4. Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.

5. Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas. Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

### **Mínimos esixibles**

Os criterios 1, 4, e 5 serán considerados mínimos esixibles.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

Para a obtención das calificacións do alumnado o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación:

- Observación sistemática.



- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Traballos en grupo.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

### **Criterios de cualificación**

- Traballo persoal (semanal de aula): 60%
- Hábitos e actitudes de estudo\*: 20% (achégase rúbrica)
- Audicións
- Grao de consecución do repertorio: 20% (achégase táboa)
- A cualificación final do curso obterase mediante a media aritmética dos tres trimestres.

### **Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais**

Texto (Dificultade) 10%

Ritmo (Precisión e exactitude rítmica) 20%

Musicalidade (Estilo- Expresión) 20%

Empaste 20%

Planos sonoros 20%

Técnica (Articulación-son-afinación) 30%



### Rúbrica para a cualificación dos hábitos e actitudes do estudo (20%)

Sobresáinte	(9-10)	Notable	(7-8)	Bene	(5-6)	Insuficiente	(1-4)
<p>Amosa unha gran concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Amosa interese pola materia. Tamén asiste regular e puntualmente a clase.</p>		<p>Amosa interese pola materia. Asiste regular e puntualmente ás clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.</p>		<p>Amosa interese pola materia. Non sempre asiste regular e puntualmente ás clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.</p>		<p>Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Non amosa interese pola materia. Non asiste regular e/ou puntualmente ás clases.</p>	

### Recursos didácticos

O material empregado será adaptado á formación en cuestión e ao nivel do curso que está a estudar o alumnado, podendo ser repertorio orixinal para esa agrupación ou repertorio adaptado ás características do grupo.

### Criterios para ampliación e concesión da matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional,

a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

### **Asistencia irregular ás clases**

A non asistencia sen causa xustificada en máis de 3 ocasións ao longo do trimestre levará consigo a realización dun exame ao final de cada trimestre se o alumno quere recuperar a materia.

### **Avaliación extraordinaria**

O alumnado que non acade o aprobado ou que perda a avaliación continua ao rematar o curso terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño na cal deberá interpretar 3 obras acompañado de polo menos un instrumentista, cunha dificultade adecuada ao curso que está a realizar, tendo en conta como métodos de cualificación os especificados anteriormente na avaliación ordinaria.

## **6. Procedemento de avaliación e seguemento da programación didáctica.**

O profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para establecer as medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos obxectivos do curso que imparta. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Tendo en conta o principio metodolóxico, a relación de recursos didácticos (métodos, obras, dúos, técnica, traballos teóricos, etc.) exposta nesta programación ten un fin orientativo á actividade docente, sendo susceptible de ser ampliada ou modificada segundo as características

específicas do alumnado, pero sempre baixo o criterio pedagóxico do profesor titular da materia. Baseándonos no principio metodolóxico no, o profesor levará a cabo de forma continua e personalizada a avaliación de cada alumno, sendo imprescindible para este cometido un seguimento individualizado no que se terá en conta o traballo e o esforzo semanal, a asistencia a clase e o desenrolo das capacidades do alumno tendo sempre como punto de referencia a avaliación inicial.

### **7. Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento**

A avaliación interna do departamento levarase a cabo nas reunións de departamento (das que levantarase acta) mediante o seguimento das programacións didácticas, análise dos resultados de avaliación do alumnado e propostas de revisión e modificación, se procede, das programacións didácticas.

A maiores, realízase de xeito anual unha calibración entre os profesores que imparten un mesmo curso da mesma materia que se utiliza como unha ferramenta para homoxeneizar os criterios de cualificación de todos os membros do Departamento implicados.

### **8. Anexos**

#### **ACCESO AO CURSO 6º DE MÚSICA DE CÁMARA**

Estructura da proba de acceso

Interpretación de tres obras de estilos diferentes dun nivel de dificultade técnica non inferior ao curso anterior ao que se presenta, escritas e/ou adaptadas para a agrupación proposta polo alumno/a.

## **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agónica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos

## **Criterios de avaliación**

Interpretación de tres obras de estilos diferentes dun nivel de dificultade técnica non inferior ao curso anterior ao que se presenta. Cualificarase segundo as seguintes porcentaxes:

- Texto (dificultade da obra, fidelidade a partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade (estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, pedal, dixitación): 40%.